

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E 58 FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS MODALIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2024

1. Antecedentes.
2. Finalidade.
3. Obxecto do convenio.
4. Financiamento.
5. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia.
6. Territorialización e desagregación do gasto distribuído por provincias

1. Antecedentes.

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, e na Disposición Transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
881 996360
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal



axentes colaboradores da Administración.

A Lei 3/2012 recolle entre os seus principios reitores a eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado a fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva. Entre os principios xerais recóllese, entre outros, a promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.

2. Finalidade.

Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subscribir un convenio de colaboración con cada Federación Deportiva Galega para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2024, concretado nas actuacións recollidas no convenio, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade.

O interese público destes convenios radican, con carácter xeral, na necesidade de promover o deporte dando cumprimento ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dada a importancia que ten o deporte na sociedade actual como actividade cidadá voluntaria, como ferramenta educativa, como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico, e como elemento que contribúe ao establecemento de relacións plenas do individuo co grupo e dos grupos entre si.

Coa finalidade de contribuír ó acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada, faise necesaria a formalización de 59 convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cada unha das 59 federacións deportivas galegas recoñecidas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia da Secretaría Xeral para o Deporte, na súa condición de axentes colaboradores da nosa comunidade autónoma para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2024, concretadas no desenvolvemento de programas de fomento e realización de actividades, no



ámbito dos seus respectivos deportes e en toda a comunidade autónoma. En consecuencia articúlase un convenio de colaboración con cada unha das Federaci3ns Deportivas Galegas existentes na actualidade e recoñecidas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, non existindo polo tanto ningunha Federaci3n Deportiva coa que non se articule unha vía de financiamento para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva durante o ano 2024.

Neste senso, sométese a informe da Asesoría Xurídica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes un convenio tipo con relaci3n a 58 Federaci3ns Deportivas e, tendo en conta a especificidade da Federaci3n Galega de Piragüismo, tramítase como un expediente diferente o convenio específico con esta Federaci3n. A especificidade radica na súa condici3n de que a Federaci3n Galega de Piragüismo é concesionaria do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontill3n do Castro - Pontevedra, coa finalidade de desenvolver os programas de iniciaci3n, tecnificaci3n, rendemento e de alto nivel dos deportistas galegos desa modalidade deportiva co obxectivo de proxectalos á elite mundial, sendo que en consecuencia o convenio ten certas especificidades ao incluír este Programa específico.

3. Obxecto do Convenio.

O obxecto dos convenios é regular a colaboraci3n entre as partes asinantes co fin de realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funci3ns e cometidos que, conforme á Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, asumen as federaci3ns deportivas en réxime de exclusividade. Con este convenio a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realizaci3n dos seus respectivos programas de promoci3n deportiva para a anualidade 2024, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I, Reparto orzamentario por programa, de cada convenio.

En concreto, a colaboraci3n obxecto do convenio tipo establécese nos termos de actividade e actuacións, así como económicos.



A vixencia dos convenio estenderase dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 28 de decembro do mesmo ano.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes, entendendo que a relación é meramente enunciativa e non limitativa:

- Gastos xerais de funcionamento.
- Programa Tecnificación e Rendemento no CGTD.
- Programa Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas (CESA) convocados polo CSD
- Programas de especial relevancia
- Programas Actividade deportiva ordinaria.
- Programa París 2024.
- Programa Actividade deportiva de promoción.

A vixencia do Convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024. O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento, de ata un máximo do noventa por cento (90%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio.
- Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e tendo en conta que o pagamento do total da subvención se levará a cabo dentro do exercicio corrente (2024) a federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación dos pagamentos nos prazos fixados a continuación:



- a. A xustificación do 50% do importe do convenio ata o 31 de xullo de 2024. No suposto de que o primeiro pagamento sexa inferior a ese 50%, o importe da xustificación corresponderase co importe do anticipo recibido.
- b. A xustificación da % restante do importe total do convenio ata o 28 de decembro de 2024.

4. Financiamento.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subvencionará as ditas actuacións achegando a 58 federacións, con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0 do seu orzamento de gastos para o exercicio 2024, por un total de 4.465.524,00 €.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto, de acordo coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, e co establecido no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 18 de outubro de 2024, na cal se acordou a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente non momento da resolución de concesión (artigo 25 RSG), isto é, no momento da sinatura do convenio.

Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de decembro do 2024.

Non obstante, segundo o establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a acreditación do gasto relativo ás nóminas, ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre realizarase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que respondan á natureza da actividade su-



bvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso a acreditación do pagamento previo por parte de beneficiario.

En relación aos gastos relativos a nóminas, cotizacións á seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, aos que fai referencia o parágrafo anterior, o beneficiario está obrigado a acreditar o efectivo pagamento de ditos gastos con anterioridade ao 15 de febreiro do 2025.

De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitrxes, axudas de custo e quilometraxes. Neste senso posibilitase o pagamento, así como a correspondente xustificación, dos gastos por gratificacións a persoal voluntario ou colaborador sen relación contractual que se xustificarán mediante recibís nos que se fará constar o carácter das mesmas, así como as dietas que se xustificarán mediante a presentación dunha folla de liquidación.

Esta previsión trae causa e motivación da tipoloxía de actuacións, da necesidade contratación de servizos menores, á diversa tipoloxía dos axentes e entidades colaboradoras e á diversidade dos gastos varios e de escasa contía asociados á organización dunha actividade deportiva, polo que se posibilita e flexibiliza a xustificación do pago a través dos correspondentes recibís.

V. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose cos seus:

- EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO
- PA 1.4 Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
- OE 1.4.7 Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
881 996360
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal



deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva. Procura das condicións máis adecuadas que coadruen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia.

- OO06 Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2014 00066 “Transferencias a entidades, federacións e técnicos deportivos”, é o PO0210- N° de proxectos deportivos subvencionados, PO076C-Entidades dep. Beneficiadas, P1009H-N° licencias federativas homes, e o P1009M-N° licencias federat. Mulleres, cuns valores previstos de:

PO0210- N° de proxectos deportivos subvencionados	70
PO076C – Entidades dep. Beneficiadas	1.400
P1009H – N.º licenzas federativas homes	215.000
P1009M – N° licenzas federat. Mulleres	80.000

Estímase que, a través destes convenios, acadarase un valor de realización de 58 entidades beneficiarias, cun valor de realización asignado de:

PO0210- N° de proxectos deportivos subvencionados	58
PO076C – Entidades dep. Beneficiadas	58
P1009H – N.º licenzas federativas homes	212.185
P1009M – N° licenzas federat. Mulleres	78.471

VI.- Territorialización e desagregación do gasto distribuído por provincias:

Provincia	Porcentaxe	Desagregación do gasto por
-----------	------------	----------------------------





		provincias
A Coruña	30	1.339.657
Lugo	20	893.105
Ourense	20	893.105
Pontevedra	30	1.339.657
Total	100	4.465.524

Santiago de Compostela,
O Secretario Xeral para o Deporte
Jose Ramón Lete Lasa
(documento asinado dixitalmente)

